



# O ACTOR E O PÚBLICO

Asociación de actores e actrices de Galicia

## III xornadas cidadanía e teatro

19 e 20 de NOVEMBRO de 2007

Auditorio de Galicia. Santiago de Compostela



1ª XORNADA: luns, 19 de novembro  
**A figura de actor na encrucillada entre o Audiovisual e o Teatro**



16.00 h. **Saúdo e apertura do encontro.**  
Vicente Montoto, presidente da AAAG

16.15 h. **Mesa 1:**  
**A repercusión mediática no público teatral.**  
Coa chegada da televisión e do cine, en Galicia créanse unha serie de figuras máis ou menos recoñecidas na sociedade. ¿De qué maneira estes medios están incidindo na creación de novos públicos teatrais?

**Moderadora:**  
Xavier Estévez

**Ponentes:**  
Ernesto Chao, actor  
Agustín Lorenzo, programador  
Paco de Pin, produtor

**Pausa.**


18.30 h. **Mesa 2:**  
**A sedución económica e / ou artística do audiovisual.**  
O cine e a televisión, como industria, gozan de orxamentos e de infraestruturas que non teñen nada que ver coa parquedade do medio teatral. Esta descompensación seduce, de maneira obvia, ao actor galego. ¿Trátase só dunha sedución económica, ou tamén podemos falar dunha sedución artística? A preparación do actor/actriz, aínda que sexa completa, ¿está por parte deles/delas, mais inclinada cara ao audiovisual que o teatro, ou son estímulos iguais?

**Moderadora:**  
Mónica García

**Ponentes:**  
Carlos Neira, docente  
Luma Gómez, produtora  
María Bouzas, actriz



2ª XORNADA: martes, 20 de novembro  
**Compatibilidades e incompatibilidades do actor galego**



16.00 h. **Mesa 3:**  
**A dispersión profesional do actor galego.**  
Teatro, televisión, cine, dobraxe, ensino, animación... O actor galego ten un amplo abano de posibilidades para desenvolver a súa profesionalidade. Cando ten que compatibilizar distintas facetas, enfrontase a unha dispersión que pode mermar a calidade dos produtos artísticos nos que está involucrado. ¿Esa dispersión pode enriquecer a súa experiencia laboral e artística?

**Moderadora:**  
Anabell Gago

**Ponentes:**  
Mónica Caamaño, actriz  
Comba Campoy, actriz  
Jouse García, director e produtor

18.00 h. **Pausa.**

16.15 h. **Mesa 4:**  
**O sistema de exhibición teatral en Galicia: insuficiencia laboral e artística.**  
Resulta evidente que o sistema de exhibición teatral en Galicia é insuficiente para garantir unha estabilidade laboral aos actores e actrices do teatro galego. Ao mesmo tempo, non hai perspectivas de que as programacións teatrais favorezan unha maior concentración temporal das producións, o que permitiría non só regular o traballo do actor, senón que tamén garantiría unha maior calidade dos espectáculos teatrais producidos en Galicia.

**Moderador:**  
Toño Casais

**Ponentes:**  
Miguel Martín, xerente do IGAEM  
Xúlio Lago, actor e director  
Inma López Silva, crítica

20.15 h. **Despedida e clausura do encontro.**  
Gonzalo Martín Uriarte, actor

Esperámosvos!



Lembra que tes que confirmar a túa asistencia no teléfono da AAAG:  
**981 593 829**

...e que as xornadas celebraranse na Sala Mozart do Auditorio de Galicia, que está na Avda. Burgo das Nacións s/n en Santiago de Compostela.

AAAG Rúa do Campo do Cruceiro do Gaio, 7 - 1º 15705 Santiago de Compostela www.aaag.es info@aaag.es tlf. 981 593 829

Organiza:



Patrocina:

